



## **Términos de referencia para a contratación dunha persoa socia traballadora na cooperativa Mulleres Colleiteiras**

A cooperativa Mulleres Colleiteiras para a recollida de aceite vexetal usado conformase no ano 2015 co obxectivo principal de dar traballo a mulleres en situación de exclusión social. Co apoio de Arquitectura Sen Fronteiras o proxecto social céntrase na formación das mulleres para que adquiran habilidades sociais de cara a súa inclusión no mercado laboral, servindo esta actividade como soporte para a realización de prácticas prelaborais.

A día de hoxe, a actividade da cooperativa vaise consolidando a través do aumento da recollida de aceite e converténdose nunha alternativa real de autoemprego para mulleres. Neste momento existe a posibilidade de incorporar a unha **socia traballadora** máis ao proxecto para o cal se describen as condicións a continuación:

### Tarefas

Esta persoa se unirá ao grupo de traballo formado polas socias traballadoras, encargada e outro persoal de apoio para desenvolver as seguintes tarefas específicas:

- Actividade diaria de recollida do aceite nas rutas planificadas: recollida dos puntos públicos, semipúblicos e privados, contacto cos clientes e provedores, transporte do aceite, baleirado, pesado e limpeza do material e a nave.
- Elaboración da documentación de rexistro: albaráns, etiquetas, follas de rexistro de pesado, ruta de recollida, listado de incidencias, etc.
- Participación nas actividades de difusión do proxecto a través de accións de reparto de información na rúa, presentacións en centros educativos, asociacións, etc.
- Participación en reunións de coordinación e planificación, asambleas de socias e outras

### Perfil solicitado

Requirese:

- Muller desempregada
- Formación básica (habilidades de lectoescritura e cálculo)
- Carnet de conducir B1 para manexo de furgoneta

Valorarase:

- Situación de desemprego de longa duración, exclusión ou risco de exclusión social, discapacidade
- Capacidade de traballo en equipo, adaptación, compromiso e iniciativa
- Experiencia de traballo anterior
- Coñecemento e identificación cos valores cooperativos
- Capacidade de planificación, análise e resolución de conflitos



### Condições laborais

- Horario: 6h en horario de mañá preferiblemente (posibilidade de concretar o horario entre todas as socias)
- Salario a percibir: 530€ netos + complementos (hasta 90€), o pago dos autónomos corre a cargo da cooperativa.
- Para a alta de entrada como socia da cooperativa é necesario un aporte de capital social de 752€, que se devolverá no caso de baixa. Esta cantidade pode deducirse do salario mensual durante os meses que se acorden.
- Lugar de traballo: nave no viveiro de empresas do Polígono de Iñás (Oleiros) e nas rutas de recollida
- Incluese uniforme de traballo e EPI's

### Proceso de selección

Aquelas persoas interesadas nesta convocatoria deben enviar o seu curriculum vitae ata o 26 de Decembro incluído á dirección de correo [mullerescolleiteiras@gmail.com](mailto:mullerescolleiteiras@gmail.com) indicando no asunto “Persoal Mulleres Colleiteiras” ou achegalo físicamente nun sobre pechado á oficina de Arquitectura Sen Fronteiras situada na Escola de Arquitectura, Campus da Zapateira s/n, planta 2ª

Realizarase unha entrevista persoal e unha proba práctica.

No caso de ser a persoa seleccionada realizarase un proceso formativo de ata 15 días previa á realización da alta como socia traballadora.